

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36009524	CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán	Tomiño	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	4
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	5
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	6
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	6
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	7
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	7
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	7
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	8
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	8
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	8
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	9
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	10
o) Outros apartados	10

## **a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro**

No CEP Plurilingüe Pedro Caselles Beltrán adaptamos a nosa realidade aos obxectivos xerais para primaria. Deste modo, contemplaremos:

Obxectivo a) Temos en marcha medidas para fomentar a convivencia, ademais do programado transversalmente en todas as áreas, consistentes nun plan de patios con diversidade de recursos que fomenten a convivencia e inclusión, unha participación na convocatoria de Contratos Programa relativos á convivencia.

Obxectivo b) O desenvolvemento de hábitos de traballo fomentárase a través das tarefas regulares e significativas para o alumnado. Desenvolverase no traballo diario, cunha planificación coñecida polo alumnado, e coas responsabilidades que teñan que asumir nese sentido,

Obxectivo c) A resolución pacífica dos conflitos está incorporada na totalidade do curriculum, e foméntase nas situacións de recreo mediante medidas como os mediadores de patio, recanto escoita/fala e outras.

Obxectivo d) O respecto ás diferentes culturas trabállase a través da convivencia entre o noso alumnado, o coñecemento a través dos textos e multimedia doutras maneiras de convivencia no mundo, As diferentes orixes do noso alumnado son oportunidade para entenderse e enriquecer a condición de cidadanía universal.

Obxectivo e) Mediante o proxecto lingüístico do centro, así como o proxecto lector, así como a utilizacións da áreas de lingua castelá e lingua galega, así como de maneira instrumental, nas demais áreas, fomentaremos un progresivo dominio e correcto uso das dúas linguas oficiais.

Obxectivo f) Por ser un centro plurilingüe, adicamos a área de Educación Plástica e Visual para desenvolver o coñecemento pola práctica da lingua inglesa, ademais das horas específicas da área. En todas elas priorízase os aspectos prácticos no coñecemento da lingua, para desenvolverse de maneira sinxela nos aspectos básicos de comunicación.

Obxectivo g) A área de matemática desenvolverá contidos básicos que sexan útiles para o alumnado, e buscará a significación da aplicación deses contidos en situacións reais, a través de propostas de tarefas, deseño de proxectos, e participación en obradoiros que requiran estes coñecementos.

Obxectivo h) A contorna do Baixo Miño será o recurso inicial do que partir nas áreas de Ciencias da Natureza, a través da bioloxía, a xeoloxía, a meteoroloxía, etc nos seus aspectos básicos e con sentido práctico. Fomentaremos o coñecemento das diferentes culturas dende a propia, para aproximarnos a outras distanciadas no tempo e no espacio a través da nosa relación con cada unha delas.

Obxectivo i) As competencias tecnolóxicas estarán presentes no curriculum con carácter xeral, que progresivamente van adquirindo un carácter instrumental cotián. Ser centro EDIXGAL, contar con aula de informática equipada, con equipamento de robótica educativa, equipo de impresión 3D, etc, facilita unha práctica educativa nunha contorna tecnolóxica que se aproveitará dunha maneira sistemática a través do Plan Dixital, do deseño de obradoiros, e dos proxectos que poidan dar oportunidades.

Obxectivo j) O desenvolvemento da capacidade artística do alumnado trascende a área de Educación Plástica e Visual, e intégrase en calquera das outras áreas como oportunidade e finalidade. A creatividade do alumnado deberá ter oportunidades variadas de desenvolverse.

Obxectivo k) A hixiene e a saúde van intrínsecas a unha educación que dentro da área de Educación Física son aspectos básicos, e que se incorpora na totalidade da vida escolar, nos seus distintos momentos. Contar con comedor escolar ofrécenos outra oportunidade de desenvolver bos hábitos alimentarios.

Obxectivo l) O coidado e trato correcto das mascotas fomentárase a través das áreas de Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, así como contextualmente nas demais áreas a través de textos alusivos, de proxectos específicos e tamén a través da experiencia propia do alumnado con mascotas.

Obxectivo m) A afectividade traballarase de maneira transversal en todas as áreas, así como a través de programas educativos ofretados relacionados. Fomentárase unha resolución de conflitos a través da palabra, e unha conciencia de vínculos afectivos libres de estereotipos.

Obxectivo n) A mobilidade activa e sustentable é unha actitude a desenvolver para a que temos oportunidades claras a través do camiño escolar seguro á escola, de saídas denominadas Turonía, nas que coñecemos a contorna desplazándonos a pe ou en bicicleta, ou das xornadas de educación vial que se organizan anualmente coa colaboración da DGT.

Obxectivo ñ) En todas as áreas educativas foméntase o coñecemento e posta en valor da realidade que nos rodea, física, social, cultural, que conduce a unha experiencia educativa de valoración dunha identidade galega propia, diferente, e integrada.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

Os deseños das distintas programacións orientaranse á adquisición das competencias, e contarán cos recursos persoais, materiais e organizativos necesarios, que como mínimo serán:

**Competencia en comunicación lingüística:** utilización da lingua galega como lingua vehicular habitual no centro, e cun reparto de áreas equilibrado con relación á lingua castelá, garantindo un nivel competencial axeitado nas dúas linguas. Contarase con recursos materiais relacionado con esta competencia: biblioteca, estudio de radio, aula de informática, equipamento informático suficiente e extensivo a todas as aulas, dinamización de actividades relacionadas con esta competencia, como elaboración de programas de radio, concursos de relatos, montaxes de videos explicativos, etc.

**Competencia plurilingüe:** Potenciarase a o estudo e aprendizaxe dunha terceira lingua, o Inglés, a través da área específica e tamén da área de Expresión Plástica e Visual. Cóntase con persoa auxiliar de conversa para reforzar as habilidades comunicativas nesta lingua, así como recursos materiais: dúas aulas específicas, fondos bibliográficos, os mesmos recursos de radio escolar, aula de informática e equipamentos informáticos nas aulas.

**Competencia STEM:** fomentarse o desenvolvemento desta competencia a través das áreas curriculares de matemáticas e Ciencias Naturais e Ciencias Sociais, así como da organización de diferentes obradoiros relacionados. Estamos no programa de robótica escolar, , contando con recursos para desenvolver esta competencia. Dende a biblioteca cóntase con bibliografía específica de ciencia, e organizaranse anualmente eventos científicos co alumnado como protagonista.

**Competencia dixital:** somos centro EDIXGAL, polo que o alumnado de 5º e 6º realiza a maior parte da súa aprendizaxe a través de recursos dixitais. O resto do alumnado conta con equipamento dixital básico nas aulas, con utilización regular polo profesorado, e coa dispoñibilidade da aula de informática, con horario regular de utilización durante a semana por parte dos cursos non EDIXGAL. O uso das comunicacións vía telemática, a difusión das actividades a través da web e os seus recursos, ou a implementación das plataformas de comunicación corporativas na nosa comunidade educativa forman unha contorna que desenvolve a competencia dixital no alumnado nas distintas áreas a modo de contido transversal.

**Competencia persoal, social e de aprender a aprender:** o deseño curricular no centro favorecerá situacións de autoconecemento do alumnado, de aprendizaxe de novas experiencias por si mesmos, de avaliar os seus propios progresos. Así no conxunto da actividade diaria, enfocárase o traballo con obxectivos inmediatos e progresivos que permitan a autovaloración. Por outra parte, facilitarase unha contorna favorable ás relacións interpersoais a través de materiais diversos na aula, no patio, nos rincóns, nos recursos da biblioteca, e na organización de aspectos relacionados coa convivencia.

**Competencia cidadá:** na área de Ciencias Sociais, así como nas áreas instrumentais das linguas e de maneira transversal nas demais, traballarase o coñecemento das realidades sociais na contorna e no mundo, as razóns e as consecuencias de distintos eventos sociais que faciliten unha reflexión sobre eles, na procura da concienciación social a través da reflexión guiada, do debate, e da opinión propia.

**Competencia emprendedora:** Para traballar esta competencia é necesario orientar unha parte importante das tarefas no centro cara o traballo por proxectos, e en entornos abertos, con necesidade de tomar decisións por parte do alumnado. Os obradoiros, as actividades internivel promovidas dende a biblioteca, o grupo ecolóxico, ou outros equipos, teñen especial relevancia no desenvolvemento desta competencia, na procura de alumnado con ideas propias, con interese en levalas adiante, e por tanto, con oportunidades para que as desenvolvan.

**Competencia en conciencia e expresión culturais.** O traballo nas Ciencias Sociais e na Educación Artística e Visual, así como nas linguas, encamiñará nesta etapa educativa ao coñecemento de diferentes formas de entender a cultura, a partir da identidade propia, para acadar un grao de recoñecemento básico de diferentes linguaxes artísticas na historia e na realidade global das diferentes culturas. O alumnado rematará a etapa podendo expresarse de forma creativa con distintos instrumentos: físicos (cadernos de debuxo, pintura, textos manuscritos, material modelable,... ) ou dixitais (debuxo, música, deseño...).

### **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Os elementos transversais, que trascenderán as distintas áreas educativas do curriculum, concréntanse neste documento para poder desenvolver as distintas programacións, que terán que incluír con carácter básico - independentemente de que se poidan incorporar outros elementos- os seguintes:

Comprensión lectora: este elemento transversal trascenderá a totalidade das áreas nesta etapa educativa.

Expresión oral e escrita: Será tamén un elemento transversal presente en todas as áreas.

Competencia dixital e comunicación audiovisual: Desenvolver as aprendizaxes con instrumentos dixitais, o uso da radio escolar, equipos informático, etc, ten que ser unha práctica habitual dende o primeiro curso, e verase potenciada no terceiro ciclo co programa EDIXGAL.

Fomento da creatividade: nas áreas de Expresión Plástica, Música e Danza, Educación Física e en xeral, nas demais áreas, debemos desenvolver e potenciar a creatividade do alumnado ofrecendo oportunidades para iso a través da metodoloxía empregada.

Igualdade de xénero e inclusión: en toda a práctica educativa deberá normalizarse as relacións, as valoracións, os prexuízos dende unha perspectiva de xénero, onde non haxa predisposición por razón de sexo. Fomentarse e corrixiñanse conductas en sentido contrario, unha inclusión e valoración respectuosa de todo o mundo deberá ser práctica continuada.

Educación para a paz: calquera situación conflictiva será oportunidade para afrontala de maneira dialogada e respectuosa. Porase en valor actitudes positivas na convivencia en paz, e denunciáranse actitudes negativas, exemplificadas nas distintas realidades de alcance ao alumnado: No deporte, na actualidade social, etc.

Emprendemento: a iniciativa persoal será potenciada en todo o alumnado, e favorecerase toda actitude nesa liña, ofrecendo mecanismos para que tomen iniciativas tanto nas actividades complementarias como no desenvolvemento común da actividade lectiva.

Educación para o consumo responsable e desenvolvemento sostible: é fundamental concienciar ao noso alumnado da importancia dun consumo con responsabilidade, reflexionando sobre as consecuencias do cambio climático motivadas por un desenvolvemento económico desmedido e irresponsable. O alumnado terá que rematar a etapa coñecendo e valorando a axenda 2030 promovida pola ONU, como vía necesaria para revertir a situación actual, tendo en conta que serán eles as principais vítimas e tamén os protagonistas destes cambios necesarios.

Educación para a saúde (incluída a sexual). Hábitos de vida saudable, conducta social sa, e respecto á identidade de cada persoa deberá estar presente na práctica educativa habitual, reflexionando nas circunstancias adecuadas, formando nas actitudes positivas, e promocionando a través de actividades colectivas, prácticas saudables e respectuosas con cada individualidade.

Educación emocional e en valores. A saúde emocional do alumnado require unha intervención continuada nas relacións co grupo, na observación de situacións puntuais, e na reflexión grupal sobre aspectos e reaccións emocionais en situacións diversas.

### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A metodoloxía de traballo, con carácter xeral, fomentará o protagonismo do alumno e da alumna, no desenvolvemento da súa propia aprendizaxe.

Dende o propio centro propoñemos un deseño e unha práctica que se axeiten á diversidade do alumnado, capacidades, intereses, motivacións coa dotación de recursos humanos e materiais que están á nosa disposición, e segundo estas premisas:

- Respetar os principios de aprendizaxe significativa.

- Aprendizaxe adaptada a cada necesidade, a través de propostas dinámicas e adaptadas, a través de metodoloxías grupais de traballo en equipo, que fomenten o cooperativismo.
- As medidas de reforzo levaranse a cabo por parte do titor, docentes con dispoñibilidade horaria e o profesorado especialista de PT e AL, co asesoramento da orientadora, quedando rexistrado nos documentos pertinentes.
- Os apoios levaranse a cabo dentro da propia aula, preferentemente.
- Adaptaranse as actividades e os materiais ás características do alumnado, dando unha resposta educativa axeitada ás súas necesidades.
- A avaliación será continua e formativa.
- Manteremos a colaboración estreita coas familias e os servizos externos.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

O desenvolvemento das programacións no centro require duns recursos materiais necesarios, que o colexio priorizará en función dos seguintes criterios:

Con relación ao financiamento e acceso aos recursos actuarase así:

- Participación nos distintos proxectos educativos das plataformas corporativas (Proxecta, Contratos programa...) que encaixan no deseño curricular e aportan financiamento extraordinario para incorporar o que se nos asigna de oficio.
- Cumprimento puntual dos procedementos de xestión ordinaria, que permitan executar gastos corrientes con racionalidade que beneficie o gasto en proxectos educativos.
- Búsqueda de recursos materiais complementarios no Concello como entidade responsable do mantemento, que poidan contribuir á mellora non so das instalacións, senón dos recursos educativos (montaxe de espazos lúdicos, investimento en espazos como biblioteca, aula de informática, radio...).
- Pequena aportación das familias, mediante a achega de papel para fotocopiadoras, pago de viaxes de actividades complementarias,

Colaboración en proxectos de terceiras entidades, como Comunidade de Montes de Tomiño,, ou outras.

Para acadar os obxectivos propostos , contaremos en primeiro lugar co orzamento no que se refire basicamente a material funxible e gastos de funcionamento.

Con relación a equipamentos e instalacións, adaptaremos progresivamente o centro segundo a normativa de nova edificación escolar impulsada pola Consellería. Neste novo modelo tenderase a espazos abertos e multifuncionais, incluíndo aquí diversos espazos que pola edificación e número de alumnos, podemos contar, para usos concretos, como aulas de informática, de idiomas, radio escolar, usos múltiples, etc. Nesta liña é obxectivo primordial entrar no programa de Polos Creativos.

No referido aos espazos exteriores, dispoñemos dun recinto moi grande, cunha zona compartida para uso público. Este espazo tan grande é propicio para afirmar a vocación de centro de referencia para actividades deportivas ao aire libre, como o atletismo, os xogos populares, etc. Esta posibilidade permite que anualmente poidan organizarse aquí eventos intercentros, posibilidade que debemos aproveitar.

Dentro da modernización e diversificación de recursos de aprendizaxe que se ofrecen a partir da biblioteca do centro, durante o curso, o espacio habilitado para radio tentará convertirse tamén, se o orzamento o permite, nun estudio de TV,

Funcionaremos tamén co comedor escolar de xestión directa, que facilita a xestión de diversos programas ou proxectos, como a distribución de froita fresca e leite nos recreos.

Con relación aos materiais educativos de aula, establécense unha parte do orzamento para adquisición baixo demanda de titorías e especialidades, co propósito de ter as aulas co equipamento básico.

Os proxectos educativos apoiados nos programas de mellora da calidade educativa facilitan unha maior aportación de recursos, e consecuentemente, apoianse todas as iniciativas nesta liña.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**

Tal como establece a Consellería, o noso centro ofrece o tramo educativo de Educación Primaria, coas opcións de lingua estranxeira - Inglés (Francés se houbera suficiente número de alumnado). Somos centro Plurilingüe, polo que a área de Inglés, xunto coa de Plástica e Visual, utilizan esta lingua como instrumental.

### **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Dende o equipo de AACC coordinaranse plans anuais de actividades complementarias, que se verán reflexados na PXA, segundo as seguintes premisas:

- Organizar actividades para a celebración das conmemoracións anuais máis significativas.
- Programar , na medida do posible, actividades relacionadas co tema común para todo o centro, a decidir polo Claustro.
- Crear interese polas actividades artísticas, culturais e deportivas.
- Programar visitas culturais e de coñecemento da contorna natural e social; consolidación de Turonia como sinal de identidade do centro.
- Coordinar saídas educativas na procura de recursos non alcanzables no centro, para que durante os seis anos da etapa educativa, poidan ter realizado saídas diversificadas e con custo razoable, tendo en conta a realidade socioeconómica do noso alumnado.
- Aproveitar programas existentes que financien as saídas para permitir incrementar as mesmas sen custo para as familias: deporte escolar, proxecto ríos, financiamento transporte a museos...
- Fomentar a participación de toda a comunidade escolar nas actividades programadas.
- Manter informada a toda a comunidade escolar das actividades que se celebran no centro.

### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

O alumnado que promociona con áreas pendentes, contara cun plan específico de reforzo, tal como recolle o artigo 50 da Orden 8 de setembro de 2021.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado titor, e no seu caso, polo profesorado especialista, e terá como referentes os criterios de avaliación do seu curso e a contribución á adquisición das competencias, tendo en conta os principios pedagóxicos de dar a cada alumno ou alumna o que precise. Será un plan, por tanto, que se adapte ás particularidades de cada alumno/a destinatario/a.

Este plan de reforzo cos seguintes apartados:

- a) Identificación da/o alumna/o
- b) Información relevante sobre a área ou áreas con dificultades.
- c) Currículo para desenvolver, con especificación dos criterios de avaliación.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
- f) Tarefas para realizar, coa debida temporalización.
- g) Seguimento e avaliación
- h) Acreditación da información á familia

### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

O alumnado repetidor contara cun plan específico de reforzo para o alumnado que permaneza un ano máis no mesmo curso tal como recolle o artigo 50 da Orden 8 de setembro de 2021.

Este plan será elaborado polo titor ou titora, apoiado polos mestres especialistas que se requiran, así como pola orientadora,,, e contará cos seguintes apartados:

- a) Identificación do alumno/a
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicados no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información a familia

En cada sesión de avaliación farase o seguimento do plan específico de reforzo e, de ser necesario, realizaránselle os axustes que procedan. Ao final de curso na mesma sesión de avaliación, informarase sobre o seu desenvolvemento e o seu aproveitamento.

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

A avaliación das distintas áreas determinarase en función do grao de consecución dos criterios de avaliación establecidos nas programacións, avaliados segundo o tipo de instrumento definido. A consecución dos mínimos esixibles para cada criterio, implicará como mínimo o 5 na súa cualificación.

Con carácter xeral, a cualificación final do curso, virá definida polas cualificacións ponderadas das tres avaliacións, considerando en cada área un grao lineal ou progresivo de ponderación nas tres avaliacións. En todo caso, cada área e curso definirá o procedemento para recuperar avaliacións non superadas, así como as opcións para recuperación na nota final.

A decisión de promoción tomarase de xeito colexiado, atendendo á consecución dos obxectivos, ao grao de adquisición das competencias establecidas e á valoración das medidas que favorezan o progreso da alumna/o, tendo en conta os criterios de promoción.

Nos cursos impares a promoción será automática.

En 2º, 4º e 6º de primaria cando xa permaneceu un ano máis nalgún curso anterior da etapa, tamén promocionará automaticamente.

Para promocionar necesita superar as áreas ou ter unha avaliación negativa en unha ou dúas áreas.

O equipo docente poderá decidir a promoción dunha alumna ou alumno, sempre que se cumpran tamén as seguintes condicións:

a) Que o equipo docente considere que a natureza das materias non superadas lle permite seguir con éxito o curso seguinte.

b) Que o equipo docente considere que ten expectativas favorables de recuperación.

c) Que o equipo docente considere que devandita promoción beneficiará a súa evolución académica.

O alumnado que acade a promoción de curso con áreas sen superar deberá seguir un plan de reforzo en cada unha desas áreas, destinado ao maior aproveitamento posible nesa área non superada.

## **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Non procede

## **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

As programacións didácticas elaboraranse polo equipo do nivel, sendo únicas en cada un dos niveis para cada área. Os dous mestres ou mestras do nivel poranse de acordo para a súa elaboración. O profesorado especialista, de igual modo, elaborará as da súa especialidade. Se é necesario, o coordinador ou coordinadora de ciclo decidirá nese aspecto para asegurar a elaboración das citadas programacións.

Estas programacións terán unha primeira revisión pola coordinadora ou coordinador do ciclo, para seguidamente ser visadas polo Director e remitidas á Inspección.

Serán informadas ás familias e alumnado cando menos nos aspectos de: contidos, criterios de avaliación, instrumentos de avaliación e porcentaxe de cualificación para cada un deles. Utilizarase modelo derivado da aplicación PROENS

Farase un seguimento na aplicación PROENS, como mínimo de carácter trimestral, no que se fará constar o grao de cumprimento, as modificacións, etc.

Ao remate do curso, o profesorado implicado avaliará a mesma, conforme a uns criterios establecidos: idoneidade, temporalidade suficiente, grao de aproveitamento do alumnado, adaptabilidade e integración no curriculum.



### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Tal como está deseñado o sistema educativo na nosa comunidade autónoma, resulta esencial para o colexio participar nos distintos programas educativos de mellora da calidade, polas seguintes razóns:

- A ausencia destes programas resulta nun modelo moi escaso de recursos, e de apoios ao profesorado.
- Os diferentes programas orientan e formulan metas concretas no deseño curricular do centro.
- Esta orientación ven acompañada tamén de recursos económicos que melloran a nosa oferta.

Por estes motivos, o centro promoverá e participará en diversos programas de mellora educativa, nos seus aspectos de:

Convivencia:

\* Aula de convivencia inclusiva: a aula de convivencia inclusiva é un recurso do centro para facilitar a reflexión do alumnado que impide gravemente o normal desenvolvemento do grupo-clase. Neste espazo, o profesorado axuda ao alumnado para que se analice as súas condutas disruptivas e se comprometa ao cambio. Así tamén, o alumnado que polas repetidas condutas contrarias ás normas fora obxecto de privación temporal do dereito de asistencia a clase, pode ser atendido nesta aula, combinando os traballos propiamente curriculares e traballos de modificación de conduta. A derivación e funcionamento desta aula, queda recollido no Plan de Convivencia do centro.

\* Mediadores de patio por aula: no centro existe a figura dos alumnos/as mediadores de patio que durante o recreo axudan ao resto de alumnado a mediar nos conflitos.

\* Guardiáns de patio por aula: estos alumnos/as axudarán aos mediadores de patio a identificar posibles conflitos.

\* Rincón escoita-fala: onde os mediadores acompañan a outros alumnos a chegar a acordos. Hai un asento para solo falar e outro para solo escoitar. Se van intercambiando nos asentos para poder escoitar, falar e chegar a un acordo común.

\* Sociogramas: cada 2 anos o Departamento de Orientación valora a convivencia de todas as aulas a través dun sociograma cuxos resultados sirven para facer propostas de actividades de convivencia así como para aplicar o plan de habilidades sociais. Levarase a cabo no mes de outubro.

\* Plan de habilidades sociais: o centro conta cun Plan de Habilidades Sociais elaborado polo Departamento de Orientación aprobado no curso 2017/2018.

\* Material convivencia: Ao longo do curso, o Departamento de Orientación adquirirá o material necesario para traballar a convivencia.

\* Reflexión do alumnado: no día a día hai momentos de reflexión co alumnado que ten algún conflito. O que se pretende conseguir é que, coa axuda do mestre, se poñan de acordo sobre o que aconteceu entre eles/as, reflexionen e se comprometan a cambiar a súa conduta.

\* A xunta dos nenos: os/as delegados/as de cada aula se reunirán coa xefa de estudos para tomar decisións en determinados aspectos do centro.

\* Plan director: para 5º e 6º Novas tecnoloxías e Acoso Escolar.

\* Contratos programa: Solicitaranse: Inclúe: Iguála-T, Convive-T, inclúe-T, Emociona-T., e Innova: EDUsaúde, EDUsustibilidade, EDUcalidade.

Vida activa e saudable:

\* Plan Proxecta: propórase a participación en programas como Aliméntate Ben, Ponlle as pilas ao teu bocata, Froita fresca e leite na escola, Proxecto ríos, proxecto deportivo de centro, etc.

\* Programa XOGADE: Encaixa na liña da vida activa e saudable, e a maiores, ofrece a posibilidade de contacto e interrelación con outros centros, ademais de financiar transportes e material deportivo.

\* Turonia, deportiva-cultural: todo o alumnado do centro compartirá unha xornada de convivencia no que salen a camiñar polos arredores do concello. Por outro lado o alumnado de 6º de educación primaria compartirá no mes de xuño (datas por determinar) xunto co alumnado de 6º de EP de todos os centros do concello de Tomiño, unha xornada de dous días de convivencia no que realizarán deportes e actividades culturais.

\* PDC (Proxecto deportivo de Centro). Centros Activos e Saudables. (Xogade, Móvete +, camiña en bici á escola e Milla diaria)

Plan Director:

\* Para 5º de primaria: Novas Tecnoloxías

\* Para 6º de primaria: Acoso escolar

Innovación educativa:

Rede de centros plurilingües

Centro EDIXGAL

Centro PLAMBE, con Radio na Biblio

Programa Robótica educativa en primaria

## **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Anualmente realizarase unha avaliación desta concreción curricular, derivada da Memoria de Fin de curso, na que se valoran aspectos do centro:

- A organización do centro.
- Grao de motivación e satisfacción do profesorado.
- Clima de convivencia escolar.
- Os recursos humanos, materiais e económicos disponibles.
- A implicación e participación do alumnado.
- A relación do centro coas familias.
- Os procesos de ensinanza-aprendizaxe.
- Os resultados acadados polos membros da comunidade educativa.

En función destas conclusións, introducíranse elementos, ou modifícanse os existentes, dentro desta concreción curricular, na procura da mellora na calidade do servizo educativo, tendo en conta os recursos humanos, materiais, o alumnado e a contorna social do centro.

Estas posibles modificacións en base ás conclusións da memoria, elaboraranse no seo da Comisión de Coordinación Pedagóxica, e aprobadas posteriormente no Claustro.

## **o) Outros apartados**

### **1. Outros aspectos**

Os aspectos non contemplados nesta concreción curricular abordaranse conforme á normativa vixente